


2023-
2024

PLAN DE BIBLIOTECA



CEIP MESTRE VIDE

2023-2024

ÍNDICE:

1. INTRODUCCIÓN	3
2. CONTEXTO DAFO	6
2.1 RECOLLIDA DE INFORMACIÓN	6
2.2 ANÁLISE INTERNO	6
2.3 ANÁLISE EXTERNO	7
3. OBXECTIVOS	8
4. ACCIÓNS	8
5. SEGUIMIENTO DO PLAN	9
6. AVALIACIÓN	9
7. COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN	10

1. INTRODUCCIÓN

Datos básicos do centro:

Denominación: CEIP MESTRE VIDE

Titularidade: PÚBLIC

Código do centro: 320115669

Municipio (Localidade): OURENSE

Provincia: OURENSE

Tfno: 988238556

Enderezo: PASEO MESTRE VIDE Nº 4 32004

Enderezo electrónico: ceip.mestre.vide@edu.xunta.gal

Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmestrevide/>

Contextualización do plan de biblioteca no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do centro.

O CEIP Mestre Vide está situado na zona das Lagoas barrio novo, ben comunicado e moi próximo ao centro urbano. As características socio-económicas e culturais das familias do alumnado do centro son maioritariamente as que caracterizan á clase media composta fundamentalmente de funcionarios, traballadores por conta allea e algúns autónomos.

No barrio abundan os centros educativos de distintos niveis. Os servizos culturais e de lecer son os do mesmo concello de Ourense. Non existen

problemas de marxinación acusada ou de conflito social, nin características culturais diferenciadoras con respecto ao resto da cidade.

Imparte as etapas de educación infantil e educación primaria: segundo ciclo de educación infantil e os seis cursos de primaria. Consta de 19 unidades : seis de infantil e trece de primaria. Tamén conta con Departamento de Orientación. O total de alumnado son 407. O persoal docente adxudicado ao centro son 35 mestres: 8 especialisas de educación infantil, 13 especialistas de educación primaria, 2 especialistas en educación física, 2 especialistas en lingua estranxeira inglés e outra compartida cun centro máis, 1 especialista en educación musical, 2 especialistas en relixión (unha con liberación horaria sindical e outra compartida con outro centro). O departamento de Orientación está formado por unha orientadora, 4 PT, 2 AL e 2 coidadoras.

No centro estase a participar, na actualidade en varios proxectos:

- Erasmus+ k120 (acreditación 2022/2027) e k122
- Bibliotecas escolares
- E-dixgal.
- Seccións biblingües.
- Convenio con universidade de Massachusetts, programa Cost.
- Centro Rede DixitalGal.

O horario escolar é de xornada lectiva única de mañá, de 09.00 a 14:00. As actividades extraescolares desenvólvense pola tarde de 16:00 a 18:00 horas.

En canto ao Plan de biblioteca escolar, o OBXECTIVO fundamental é potenciar o uso da Biblioteca Escolar en todo o Centro de maneira integral, para que así poida ser empregada pola Comunidade Educativa especialmente por parte do alumnado e do profesorado.

A lectura é unha actividade fundamental tanto nas diversas etapas educativas como no quefacer diario das nosas vidas, forma parte da realidade cotiá. A lectura amplía a nosa visión do mundo, e con ela, a nosa capacidade de elixir, axudándonos a coñecer outros valores cos que ensanchar o noso pensamento e sensibilidade. A tarefa é ardua, cun camiño que

empezamos a percorrer hai uns anos e queremos que sexa unha realidade a non moi longo prazo.

Entendemos que a biblioteca escolar é o medio máis axeitado para fomentar nos nosos alumnos/as a capacidade de interpretación e crítica dos textos escritos e lidos, e desde elas estimular esas inquiredanzas que todos os nenos/as levan dentro e lles fagan preguntarse o por que do mundo que os rodea.

A biblioteca do noso centro está funcionando dende fai anos, aínda que é máis recentemente onde está aberta durante as horas de recreo así que o alumnado pode acudir a ela para búsqueda de información, lectura, préstamo de libros, e diversas actividades de fomento da lectura.

Nela realizamos actividades relacionadas cas diversas conmemoracións do centro e procuramos que sexa un lugar de relación agradable a disposición de toda a Comunidade Educativa.

Breve xustificación:

Contextualización normativa en relación co Plan de Biblioteca escolar do noso centro:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006 , de 3 de maio, de Educación.
- RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.
- Resolución do 20 de setembro de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da organización e o funcionamento das bibliotecas escolares nos centros docentes non universitarios, de titularidade da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no curso académico 2023/2024.

Proceso de elaboración

No noso centro creouse un equipo de Biblioteca, onde recentemente pertencen 9 mestres e mestras. Este equipo realiza diversas actividades para dinamizar a biblioteca, realizando distintas fases para elaboración do plan de biblioteca:

- Fase de análise e diagnose da situación da biblioteca: realizáronse varios test para determinar o punto de partida da biblioteca escolar e as necesidades de mellora e modificación.
- Fase de deseño e elaboración do plan de biblioteca: Primeiro consideramos os obxectivos fundamentais para traballar no noso centro e despois levaremos a cabo as accións necesarias para acadar, os obxectivos plantexados.

2. CONTEXTO DAFO

2.1. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

Para a recollida de información utilizáronse as observacións recollidas pola Comunidade educativa con respecto ao uso da biblioteca escolar e creouse unha liña de formación cun PFPP no centro destinado á dinamizar a biblioteca escolar.

2.2. ANÁLISE INTERNO

No noso centro, seguindo a Resolución do 20 de setembro de 2023, creouse un equipo de dinamización da biblioteca escolar. Neste equipo realizamos as distintas fases para elaborar o plan de biblioteca do noso centro.

Estas fases foron:

- Fase de análise e diagnose da situación do centro: realizando varias recollidas de información por parte da comunidade educativa para determinar o punto de partida da situación da biblioteca escolar.

- Fase de deseño e elaboración do plan de biblioteca: Primeiro consideramos aqueles obxectivos prioritarios para traballar no noso centro, que consideramos que tres obxectivos fundamentais que pasan por mellorar tres accións fundamentais:

- Traballo dos membros do equipo.
- Actuación con respecto as coleccións.
- Dinamización e actuación da comprensión lectora do alumnado.

DEBILIDADES:

- Carga de traballo na actualización de fondos e dixitalización das coleccións.
- Mellora da formación de usuarios da biblioteca relacionado con alumnado e profesorado.
- Implicación do persoal docente.

FORTALEZAS.

- Uso e disfrute da biblioteca nas horas de recreo.
- Ubicación e espazo físico da biblioteca.
- Partida presupuestaria suficiente para a actualización de fondos.
- Implicación do persoal conserxe nas actividades.

2.3. ANÁLISE EXTERNO

AMEAZAS:

- Maior carga burocrática con respecto aos plans de biblioteca.

- Pouca liberación horaria do profesorado para a dedicación á biblioteca escolar e aos plans de lectura.

OPORTUNIDADES:

- Implicación da ANPA en actividades promovidas pola biblioteca.
- Situación do centro para o acceso á biblioteca pública e institucións que promovan a lectura.

3. **OBXECTIVOS:**

- Organizar o traballo coa participación dos membros do Equipo.
- Realizar actividades de motivación á lectura para a mellora da comprensión lectora.
- Continuar coa actualización de fondos e dixitalización de coleccións.
- Utilizar a biblioteca escolar, integrándoa na práctica docente.

4. **ACCIÓN**

- Diseñar o cronograma de tarefas con asignación de responsabilidades.
- Diseñar e elaborar materiais de traballo para a comprensión lectora do alumnado.
- Diseñar e elaborar propostas para a promoción lectora.
- Seleccionar libros para dotar á biblioteca e realizar expurgo.
- Realizar recomendacións lectoras adaptadas ao alumnado.
- Equilibrar colección de fondos.
- Aprender a buscar, organizar e aplicar a metodoloxía bibliotecaria.
- Profundizar nos hábitos de comportamento na biblioteca.

5. **SEGUIMIENTO DO PLAN**

O procedemento de seguimento será a través das datas estipuladas para cada unha das accións recollidas nos distintos obxectivos do plan de biblioteca.

O Equipo de dinamización da biblioteca escolar, cunha reunión mensual realizará distintas actividades de seguimento do plan co fin de cumprir os obxectivos propostos e as accións concretas a realizar.

6. AVALIACIÓN

Avaliación inicial

Partiremos das reflexións reflectidas no curso anterior na Memoria final e elaboraremos o Plan da Biblioteca para incluílo na Programación Xeral Anual.

Reflexionaremos sobre o número de consultas, préstamos, éxito das campañas. Para elo usaremos enquisas, cuestionarios, observación directa,

Avaliación formativa.

Valoraremos se as actividades propostas ao longo do curso, as actividades propostas, o material elaborado, a metodoloxía, as actuacións formativas e os recursos son os axeitados e se nos acercan aos obxectivos iniciais e en que medida.

Verificaremos tamén se a temporalización se axusta ao programado e levaremos a cabo avaliacións trimestrais cun breve informe das actuacións nese periodo de tempo.

Avaliación final:

Quedarán reflectida a incidencia do proxecto no colexio en relación coa mellora da competencia lectora, a adquisición de hábitos lectores, o grado de desenvolvemento das actuacións previstas, o aproveitamento dos recursos do centro, as estratexias metodolóxicas, medidas de coordinación, rendemento do equipo da biblioteca, implicación das familias e un informe no que se incluírán:

- Número de préstamos realizados.
- Número de rexistros (impresos e audiovisuais)
- Visitas no horario lectivo asignado.
- Tipo de actividades desenvolvidas.

Toda esta información incorporárase á Memoria Anual da Biblioteca e á Memoria Anual do Centro, e servirá como punto de partida para a elaboración do novo Plan de Biblioteca do vindeiro curso.

7. COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN

A comunicación e difusión do Plan de Biblioteca realizarase a través das reunións do equipo de dinamización, dos claustros de profesorado, na reunións de CCP e no Consello Escolar.

Ademais, para darlle visibilidade a todas as accións que se realizan ao longo do curso, creamos un [blog de biblioteca](#) que está visible na [web do centro](#) no que se difunde a toda a comunidade educativa as actividades xa realizadas.